

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 01.02.2017 Hora: 16:00

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de febreiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 2644 (10/POC-000337)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao desmantelamento da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 220kV, simple circuito, Trives-Aparecida, no tramo Conso-Trives
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 2761 (10/POC-000391)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis
Sobre a valoración dos resultados da primeira edición do programa Galicia Exporta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.3 2769 (10/POC-000393)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o protocolo de apoio e protección das persoas usuarias de servizos bancarios afectados pola Sentenza das cláusulas chan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.4 2823 (10/POC-000412)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a aplicación en Galicia do Plan estatal de reserva estratéxica do carbón 2006-2012 e o novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.5 2878 (10/POC-000423)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para combater a pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

1.6

3057 (10/POC-000489)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a actividade de Elnosa na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

1.7

3382 (10/POC-000562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para destinar a outros fins distintos máis de 800.000 euros dos fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza enerxética, así como as súas previsións respecto da consignación nos orzamentos para o ano 2017 dos recursos minorados e o incremento da contía destinada para ese fin

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

"

"

"

"

.....Etkukpc'Kcdgn'Tqo gtq'Hgtp^a pf gl

"

.....Rt gukf gpc'f c'Ego kulop

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Raquel Arias Rodríguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Francisco Casal Vidal	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 2644(10/POC-000337)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao desmantelamento da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 220kV, simple circuito, Trives-Aparecida, no tramo Conso-Trives

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal e Juan José Merlo Lorenzo, deputados do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o súa contestación oral na Comisión 6.^a, relativa á necesidade de que Red Eléctrica de España desmante a liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 220 kV, simple circuíto, Trives-Aparecida no seu tramo Conso-Trives.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro do ano 2009, Rede Eléctrica de España S.A., en base ao artigo 4.2 do Real Decreto 195572000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, proxectou o transporte de enerxía eléctrica de nova xeración en Galicia e Castela León.

Argumentouse a necesidade de alimentar eléctricamente o futuro tren de alta velocidade Madrid-Segovia-Valladolid-Zamora-Ourense-Vigo, ademais de indicar a mellora da seguridade e calidade da subministración en Galicia e Castela-León e posibilitar a exportación da crecente produción de orixe eólica. Razón pola que procedeu á instalación da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 400 kV, dobre circuíto para conectar as subestacións de Trives (Ourense) e Aparecida (Zamora).



Esta instalación eléctrica contou coa Declaración de Impacto Ambiental favorable da Secretaria de Estado de Cambio Climático. Ademais de contar coas preceptivas autorizacións do Ministerio de Industria.

Na parte expositiva das estipulacións asinadas entre o entón alcalde de Manzaneda, o Señor Xosé Antón Núñez Domínguez, e os representantes de REE, ademais de diferentes compromisos como o respecto ambiental e a reposición de posibles danos ao seu estado orixinario, sinálase que a nova liña de alta tensión de 9,780 quilómetros, substituiría á actual liña de transporte de enerxía eléctrica de 220 kV de simple circuíto. Afirmando taxativamente que esta última liña será desmontada unha vez que se puxo en servizo a futura liña eléctrica a 400 kV.

É dicir, Rede Eléctrica de España S.A. comprometeuse no ano 2009 a retirar a liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 220 kV, simple circuíto, situada entre Trives e Aparecida (Ourense e Zamora) unha vez que estivese en funcionamento a liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 400 kV, dobre circuíto, que conectaría as subestacións de Trives e Aparecida, e cuxo trazado discorre parcialmente polo municipio de Manzaneda (Ourense).

Con todo, o devandito compromiso non se cumpriu e actualmente están en funcionamento, desde hai dous anos, e discorren polo municipio, unha liña de 400 kV (simple circuíto) e a antiga liña de 220 kV.

REE cambiou o proxecto a un dobre circuíto 400kV/220kV sobre os mesmos apoios que non foi completado no tramo Conso-Trives no que se mantén as dúas liñas de maneira independente.

En consecuencia, os veciños e veciñas de Manzaneda, entre outros, teñen que soportar, sete anos despois, dúas liñas de alta tensión ao seu paso por este municipio contravindo así os acordos alcanzados o que resulta de xeito evidente unha anormalidade que debe corrixirse canto antes.



A este fin, En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.ª) Por que razón non cumpriu Red Eléctrica de España o seu compromiso de desmontar a liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 220 kv, simple circuíto, situada entre Conso e Trives unha vez que estivese en funcionamento a liña aérea de transporte de enerxía eléctrica, a 400 kv, que conecta as actuais subestacións de Trives e Aparecida, e cuxo trazado discorre parcialmente polo municipio de Manzaneda (Ourense)?

2.ª) É consciente o Goberno de que desde hai dous anos están en funcionamento ámbalas dúas liñas aéreas de transporte de enerxía por circuítos independentes? Como explica esta situación?

3.ª) Cál é a situación da liña de 400 kV, e por qué non se executou o segundo circuíto a 220kV sobre os mesmos apoios da de 400 kV no tramo Conso-Trives ?

4.ª) Vai Red Eléctrica de España cumprir o seu compromiso de desmantelar a liña de alta tensión antiga, a de 220 kV? En caso afirmativo, cando? É posible que proceda canto antes?

5.ª) Non cre que os veciños e veciñas de Manzaneda viven unha situación de anormalidade con dúas liñas de alta tensión sobre as súas cabezas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/12/2016 14:12:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2644
Data envío: 27/12/2016 14:16:31.142

Francisco Casal Vidal na data 27/12/2016 14:12:41

Juan José Merlo Lorenzo na data 27/12/2016 14:13:36

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 2761(10/POC-000391)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre a valoración dos resultados da primeira edición do programa Galicia Exporta

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:27
Nº Rexistro: 2761
Data envío: 30/12/2016 12:27:12.127

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputado e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Dende o 2013 as empresas galegas están a bater, ano tras ano, as súas exportacións a outros países, levando a nosa Comunidade ao “mellor ciclo exportador” da historia. De feito, tras un novo récord de 2015, con unhas vendas ao exterior de 18.831 millóns de euros, de xaneiro a agosto as exportacións de Galicia medraron un 5,4% fronte ao mesmo período do ano anterior, é dicir, catro veces máis que a media española que se sitúa nun 1,3%, situándonos como a cuarta comunidade onde máis medran as exportacións.

Desta maneira, os mercados exteriores seguen sendo un dos motores da recuperación económica que está a experimentar Galicia, confirmando que a aposta pola internacionalización que as empresas galegas están a facer da man da Xunta de Galicia están dando os seus froitos.

Entre os instrumentos habilitados con este obxectivo, o Igape puxo o ano pasado en marcha o programa Galicia Exporta, tanto para empresas como para proxectos agrupados impulsados por organismos intermedios, co obxectivo de incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais, ben individualmente ou ben de maneira colaborativa.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cómo valora o Goberno galego os resultados da primeira edición do programa Galicia Exporta?
2. Prevé manter este programa, Galicia Exporta, no futuro para seguir apoiando os avances de internacionalización das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:27
Nº Rexistro: 2761
Data envío: 30/12/2016 12:27:12.127**

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/12/2016 12:05:47

Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2016 12:16:09

María Antón Vilasánchez na data 30/12/2016 12:16:29

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/12/2016 12:16:42

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 12:17:24

Marta Novoa Iglesias na data 30/12/2016 12:17:38

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/12/2016 12:20:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 2769(10/POC-000393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o protocolo de apoio e protección das persoas usuarias de servizos bancarios afectados pola Sentenza das cláusulas chan

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Tribunal Supremo ditou o día 9 de maio de 2013 que as cláusulas chan, un límite que incluían os bancos para impedir que o interese das hipotecas baixase dunha determinada porcentaxe, eran abusivas e, por tanto, nulas. Nunha decisión que xa sorprendeu a moita xente, reinterpretou a lei para non danar a solvencia da banca e decidiu que os seus efectos non terían carácter retroactivo.

É dicir, para un hipotecado con esta cláusula, e que tivese asinado o contrato en 2010, o fallo español só lle permitía recuperar o que pagara de máis a partir do día en que o Tribunal Supremo ditou a controvertida sentenza. Pero agora, en decembro do 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten cuestionado a decisión do Supremo español cun fallo histórico. Se unha cláusula é nula, o é para todos os efectos, con plena retroactividade.

De acordo con esta sentenza, e segundo cálculos do Banco de España, a banca española deberá desembolsar agora uns 4.000 millóns de euros, isto significa en torno aos 200 millóns de euros en Galicia. Aproximadamente cada afectado/a galego/a poderá recuperar entre 8.000 e 8.500 euros.

A Asociación Galega de Consumidores e Usuarios calcula que os potenciais persoas beneficiarias en Galicia oscilan entre 50.000 e 70.000 persoas, que poderán interpor agora unha reclamación nas súas entidades ou expor unha demanda xudicial.

Os que chegaron a un acordo extraxudicial tras a sentenza do Supremo non poderán facelo se, coa firma do consentimento, renunciaron a emprender futuras accións legais. Neses casos os bancos piden que a persoa usuaria se dea por resarcido completamente, sen posibilidade de reclamacións



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

posteriores, para algúns expertos, este tipo de acordos tamén poderían ser abusivos.

O que falla o Tribunal Europeo é que o Supremo non pode decidir de maneira arbitraria desde cando aplicar a retroactividade dunha cláusula nula porque vulnera as propias leis españolas, xa que se opón a unha xurisprudencia nacional que limita no tempo os efectos restitutorios vinculados á declaración do carácter abusivo.

Unha vez máis a banca, gañou no xogo, os expertos de Analistas Financeiros Internacionais (AFI) estiman que os bancos cobraron 4.474 millóns de máis aos seus clientes coas cláusulas chan desde antes de 2013 (sobre todo a partir de 2010); e en aplicación de todas as cláusulas, incluídas as posteriores a 2013, os bancos percibiron máis de 9.700 millóns de euros que, segundo os tribunais, non lles correspondían.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas que afectan a aquelas persoas usuarias de servizos bancarios afectadas pola sentenza sobre as cláusulas chan?
2. Ten avaliado o número de afectados e afectadas e o volume de fondos cobrados ilegalmente?
3. Ten establecido algún protocolo de apoio e protección destas persoas como usuarios e usuarias de servizos bancarios?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:32
Nº Rexistro: 2769
Data envío: 30/12/2016 12:32:40.083



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/12/2016 12:26:16

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/12/2016 12:26:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 2823(10/POC-000412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a aplicación en Galicia do Plan estatal de reserva
estratéxica do carbón 2006-2012 e o novo modelo de
desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 18:17
Nº Rexistro: 2823
Data envío: 30/12/2016 18:17:00.479

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**.

O 28 de marzo de 2006 o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a asociación de empresarios CARBUNIÓN, e as organizacións sindicais CCOO e UGT, asinaron o *Plan Estatal de Reserva Estratégica do Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sostíbel das Comarcas Mineiras*, coñecido tamén como *Plan do Carbón* ou *Miner II*. Nel estaba incluída Galiza -nomeadamente ás comarcas de Cerceda e As Pontes- pola súa condición de importante produtora de carbón.

Para o seu desenvolvemento en materia de infraestruturas, o 24 de xullo de 2006 asinábase o *Protocolo de Colaboración* entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e a Comunidade Autónoma de Galiza, concretado e modificado mediante os correspondentes *Acordos Complementarios* acadados na Comisión de Cooperación, na que tamén se acordaba o reparto no cofinanciamento para cada unha delas.

Os fondos asignados polo IRMC e complementados cun 25% pola Xunta, distribuíanse e aplicábanse ás infraestruturas propostas na *Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012*, presidida pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, e da que tamén formaban parte as organizacións sindicais CCOO e UXT, e os Concellos de Cerceda e As Pontes.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 18:17
Nº Rexistro: 2823
Data envío: 30/12/2016 18:17:00.479

Para a execución de cada unha das infraestruturas, unha vez redactado o proxecto, era necesario elaborar, tramitar e aprobar o correspondente *Convenio de Colaboración Específica* por parte do Estado, e asinalo coa Xunta e, de ser o caso, co Concello.

Coa finalidade de evitar dilacións na xestión do Plan, a Xunta comprometeuse a realizar proxectos e adiantar o seu pagamento; así, a Consellaría de Innovación e Industria asinou distintos Acordos de Cooperación Interadministrativa por uns 2,5 millóns de euros, outros 2 millóns de euros en convenios cos Concellos para a redacción de proxectos, e 1,2 millóns de euros en execucións de infraestruturas.

En 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, decisión que tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Os orzamentos xerais do Estado para 2013 fixaron transferencias de capital ao IRMC para infraestruturas en comarcas mineiras do carbón por un total de 42,27 millóns de euros.

Segundo o goberno do Estado na súa resposta de febreiro de 2014 a unha pregunta dunha das representantes do BNG no Congreso, a asignación a Galiza foi de 93,11 millóns de euros. Segundo a documentación entregada pola Xunta en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, a 27 de abril de 2012 o IRMC asignara a Galiza 80,52 millóns de euros, cun grao de execución do 26,16%, uns 21,07 millóns de euros comprometidos.

A pesares das diferenzas na información, en concellos como o de As Pontes, as tres administracións coinciden en que o Plan do Carbón 2006-2012 non asinou convenio algún cos fondos asignados polo Estado -e acordados coa Xunta- para a execución das infraestruturas acordadas pola Xunta, cun importe de 53,385 millóns de euros, segundo os datos da propia administración autonómica.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 18:17
Nº Rexistro: 2823
Data envío: 30/12/2016 18:17:00.479

A alarmante pasividade, irresponsabilidade e deixación de funcións amosadas pola Xunta durante todo o proceso descrito, contrasta coas actuacións postas en marcha por outros gobernos autónomos na defensa dos intereses dos seus habitantes e dos seus propios.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- *Que medidas executou a Xunta para impedir que os recortes do goberno do Estado afectaran aos fondos asignados ás comarcas mineiras galegas?; cal foi o seu resultado?*

- *Que infraestruturas das aprobadas na Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012 foron tramitadas pola Xunta de Galiza diante do Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras (IRMC)?; cal era o seu importe?*

- *Que infraestruturas das anteriores foron incluídas en convenios asinados?; cal era o seu importe?*

- *Cal era o importe do cofinanciamento para a execución das infraestruturas que lle correspondía á Xunta?; cal foi o seu destino?*

- *Que medidas acordou e executou a Xunta para demandar a sinatura da totalidade dos convenios correspondentes ás infraestruturas das comarcas mineiras galegas?*

- *Considera viábel a Xunta a compensación da totalidade dos fondos asignados e non investidos nas infraestruturas das Pontes e de Cerceda do Plan 2006-2012 con cargo*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao Plan 2013-2018?; está negociado e acordado?; de ser o caso, cal é o importe?, para que infraestruturas?

- Por que a Xunta non utilizou, polo momento, á vía xudicial para demandar do Estado os fondos de infraestruturas do Plan do Carbón 2006-2012 pendentes de executar?; ten pensado acudir?

- Considera viábel a Xunta a compensación da totalidade dos fondos asignados e non investidos nas infraestruturas das Pontes e Cerceda do Plan 2006-2012 con cargo aos seus orzamentos?; de ser o caso, en que anualidade?

- Cal foi o motivo de rexeitar as emendas aos orzamentos da Xunta presentadas polo BNG nos anos 2013, 2014 e 2015 para compensar en parte os fondos do Plan do Carbón 2006-2012 non investidos?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 18:17
Nº Rexistro: 2823

Data envío: 30/12/2016 18:17:00.479

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/12/2016 18:15:08

Ana Pontón Mondelo na data 30/12/2016 18:15:16

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2016 18:15:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/12/2016 18:15:24

María Montserrat Prado Cores na data 30/12/2016 18:15:27

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2016 18:15:30

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 2878(10/POC-000423)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para combater a pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Un desgraciado suceso que vén de acontecer en Cataluña ten situado ao país de novo diante da dura realidade da pobreza enerxética. A desigual e débil saída da crise, ten efectos na maior parte das condicións de vida de grupos importantes da cidadanía, sexa a alimentación, a vivenda, o transporte ou a enerxía.

No caso da enerxía os comportamentos dos prezos son especialmente preocupantes, sobre todo nun contexto de estancamento do IPC. Así o recibo da luz encadea xa seis meses á alza e todas as análises apunta a novas subidas. No ano 2017, continúa a subir a enerxía, tirando á alza do IPC. Ademais o Tribunal Supremo anulou o réxime de financiamento do bono social da luz e obriga ao Goberno a asumir o desconto ás familias con menor renda.

A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía suficientes para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou vén obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pago da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo diferentes estudos socio - económicos son en torno as 300.000 persoas en Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, máis do 10 % da poboación, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE e o IGE nas enquisas de condicións de vida que sinalan que en torno aos 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura adecuada, cos riscos que



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

iso comporta especialmente para as persoas con factores de risco máis alto, como nenos e nenas, anciáns e anciás ou doentes.

Así mentres a Unión Europea ten instado aos diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer ás persoas consumidoras máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética, en Galicia tense actuado, na nosa opinión, tarde, pouco e mal.

As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres distintos países teñen aprobado normas que protexen aos consumidores e consumidoras máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida deixar sen calefacción, a lexislación española do último Goberno do Sr. Rajoy limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Creemos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e por tanto, estimamos a oportunidade de que a Xunta de Galicia utilice todos os resortes que ten ao seu alcance, e ademais inste ao Goberno de España a aprobar unha lei para solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria das administracións á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce.

Ante todo cremos que o Goberno galego debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa débese sufragar polo conxunto do sistema. Agora, antes do comezo dun novo inverno, a situación e si cabe, máis urxente.

Xa en 2009 a UE aprobou dúas directivas que instaban aos gobernos a aprobar plans contra a pobreza enerxética; dos 28 países membros, só 17 teñen lexislado ao respecto. España non só non o ten feito, senón que ten



Grupo Parlamentario

tratado de impedir que outras administracións o fagan, por exemplo recorrendo un decreto da Generalitat de Catalunya sobre a materia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego das dificultades económicas que están pasando milleiros de galegos e galegas nesta recuperación económica débil e desigual?
2. Considera o Goberno galego que a chamada pobreza enerxética é un problema basicamente de carácter social?
3. Considera o Goberno galego que as medidas que ten tomado para combater este problema son suficientes?
4. Considera o Goberno galego que as liñas de actuación do Goberno de España neste eido, obstaculizan ou axudan as comunidades autónomas a abordar o problema?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2017 12:56:23

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2017 12:56:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 3057(10/POC-000489)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a actividade de Elnosa na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**.

A concesión para o desenvolvemento da actividade da empresa química ELNOSA foi outorgada o 15 de decembro de 1971 por 50 anos, para ser desenvolvida en terreos de dominio público marítimo-terrestre da Ría de Pontevedra.

No ano 2013 o por aquel entón Conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, anunciaba un acordo coa empresa para que esta abandonase a Ría, presumindo da capacidade negociadora da Xunta de Galicia plasmado na sinatura dun protocolo para elo.

En decembro de 2013 a secretaría xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galiza, por resolución do 17 de decembro, actualizou a autorización ambiental integrada a Elnosa para a planta produción de cloro alcalí e derivados, autorización que fixaba o 31 do 12 de 2016 como data de inicio do cesamento da actividade, o 31 do 8 de 2017 como data de cesamento definitivo para a produción de cloro líquido, e o 31 do 10 de 2017 como data de cesamento definitivo para a produción de ácido clohídrico e hipoclorito sódico.

Agora a intención anunciada polo goberno galego é a continuidade da actividade da empresa ELNOSA máis alá do ano 2017, incumprindo unha vez a máis o anunciado.



Xa en setembro de 2016, a secretaría xeral de avaliación ambiental tiña ampliado a autorización ambiental integrada ata decembro de 2017.

A excusa é un importante investimento que anuncia a empresa para a fabricación do cloro-alcalí, que terá como resultado o mantemento da actividade de ELNOSA na Ría de Pontevedra, seguindo a pauta de favores a empresas dos gobernos populares, exemplificada anteriormente con ENCE, sen ter en conta a contaminación provocada e os efectos e impactos sobre o medio ambiente e a economía da zona.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Considera a Xunta de Galicia como obxectivo a permanencia da actividade de ELNOSA na Ría de Pontevedra?
- 2) Vai a Xunta de Galicia a realizar os trámites necesarios para o cese definitivo da actividade de ELNOSA na Ría de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 09/01/2017 12:34:35

Antón Sánchez García na data 09/01/2017 12:34:41

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 01.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 3382(10/POC-000562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para destinar a outros fins distintos máis de 800.000 euros dos fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza enerxética, así como as súas previsións respecto da consignación nos orzamentos para o ano 2017 dos recursos minorados e o incremento da contía destinada para ese fin

Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**.

A pobreza enerxética é un problema vixente e crecente na sociedade galega, agravado ademais polas consecuencias socioeconómicas da crise estrutural que atravesamos o modelo económico e social no que vivimos os galegos e galegas. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Ademais, a suba constante do recibo eléctrico, de fácil contraste ao facer a comparativa interanual pechado 2016, tamén conduce á pobreza de tipo enerxético enerxético e cómpre salientar cuestións alarmantes como que decembro de 2016 fose un dos meses coa electricidade máis cara desde 2013.

Enquisas e estudos de diferente tipo, como por exemplo a recente información da Enquisa Estrutural a Fogares do Instituto Galego de Estatística que viu a luz o pasado 30 de decembro cos datos a respecto de 2015 indicaba como nese ano a pobreza continuou en aumento pasando do 16'41% ao 16'95% ou que a taxa de pobreza e exclusión social atinxe xa a arredor de 375.000 fogares que non chegan a ingresar a contía de 600€ ao mes.

Alén disto, é un problema que ten axitado as inxerencias da sociedade, organizada para dar resposta e esixencias desde diferentes ámbitos sociais tal e como



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:45
Nº Rexistro: 3382

Data envío: 16/01/2017 12:45:28.640

amosan as recentes mobilizacións do mes de decembro de 2016. Porén, as esixencias sociais non teñen sido atendidas desde as administracións de forma correcta.

Lamentabelmente, a última información sobre os trasvases de diñeiro do ticket eléctrico para outras funcións só fai demostrar que este ticket e a súa extensión ao gas só son pura propaganda para o goberno do Partido Popular; primeiro preelectoral e agora para ocultar uns orzamentos antisociais e unha política inexistente contra a pobreza enerxética á que non lle interesa destinar recursos nin confrontar cos emporios enerxéticos para velar pola atención dos e das usuarias.

Desde diferentes forzas políticas téñense lanzado diferentes propostas que os gobernos do Partido Popular ignoraron permitindo que o problema se agravase, como por exemplo obrigar ás empresas subministradoras a non cortar a enerxía por falta de pagamento diante de situación de pobreza enerxética nos meses de inverno ou instar á administración galega a habilitar mecanismos para, xunto coas empresas subministradoras **facerse cargo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética de forma real, é dicir, acompañándoo de procedementos de información claros e de reforzo das políticas sociais para que persoal formado puidese intervir e asesorar nestas situacións e que non ficase como un acordo nun papel.**

Malia ignorar repetidamente este tipo de iniciativas, a presión popular e social fixo que en xaneiro de 2016 fose posíbel aprobar no marco do Parlamento Galego unha Iniciativa Lexislativa Popular destinada a garantir a enerxía como “servizo público e contra a pobreza enerxética”. A ILP contou coa unanimidade da Cámara para iniciar o seu tratamento parlamentario demorado até a actualidade por causa das convocatorias electorais. Cabería agardar que esta aprobación fose un antes e un despois no combate da pobreza enerxética no noso país e que fose o punto de partida para o goberno galego tomar en serio esta realidade e ir tomando decisións políticas na



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:45
Nº Rexistro: 3382
Data envío: 16/01/2017 12:45:28.640

liña do ditado pola iniciativa e polas esixencias sociais. Porén, aconteceu todo o contrario.

Máis aínda, coñecemos recentemente como o goberno galego moveu até un 40% das contías orzadas para os fondos de axudas para pagar a electricidade a outros e moi diversos gastos, entre os que se atopan ademais elementos que ilustran cales son as prioridades do goberno galego como a publicidade, cuestións de ámbito legal ou o alumeado da tan dotada Cidade da Cultura.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Cal é a xustificación do goberno galego para ter desprazado máis de 800.000€ a outros gastos que nada teñen a ver con gasto social?

- Considera o goberno galego que destinar contías previamente consignadas para combater a pobreza enerxética para asuntos que nada ten que ver coa política social é responsábel?

- Houbo algunha modificación orzamentaria máis no mes de decembro de 2016 que mudara o destino dos fondos orzados para o ticket social?

- Considera o goberno galego que a pobreza enerxética se combate con campañas publicitarias?

- Considera o goberno galego que é ético desprazar 111.000 euros do ticket eléctrico para o alumeado do Gaiás? Como xustifica esa necesidade tendo en conta que esa infraestrutura xa ten partidas orzamentarias consignadas para o seu mantemento?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:45
Nº Rexistro: 3382
Data envío: 16/01/2017 12:45:28.640

-Ten pensado o goberno galego facer propósito de emenda e, en previsión da aprobación dos Orzamentos 2017 cunha contía designada para o combate da pobreza enerxética minorada, propoñer modificacións a curto prazo para aumentar os recursos desta materia?

- Dirixiuse ou vaise dirixir o goberno galego ás entidades sociais, sindicais, concellos e deputacións que impulsaron e apoiaron a ILP contra a pobreza enerxética para dar explicacións pola súa mala praxe?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2017 12:41:19



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 12:45
Nº Rexistro: 3382

Data envío: 16/01/2017 12:45:28.640

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 12:41:25

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2017 12:41:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2017 12:41:34

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 12:41:39

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2017 12:41:41